





# SEMANA CASTELAO



O IES Félix Muriel, como cada ano, vai celebrar a [Semana Castelao](#), do 28 de Xaneiro ao 1 de Febreiro de 2019, dedicada ao máis ilustre fillo de Rianxo, [Daniel Rodríguez Castelao](#), figura central da escena cultural e política da Galiza do século XX, nacido un 29 de Xaneiro en 1986.



Como centro educativo, queremos vincular esta semana de homenaxe a Castelao co [Día Escolar da Non Violencia e da Paz](#), que se celebra en lembranza da morte de [Gandhi](#) o 30 de Xaneiro de 1948. A razón desta vinculación está nun debuxo de Castelao pola paz, que foi o que milleiros de demócratas de Europa e de América enviaron en forma de tarxeta postal á ONU coa seguinte reivindicación: [Os pobos de España están agardando pola xustiza que as democracias prometeron.](#)

Desde o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do noso instituto, pretendemos celebrar o día da Paz homenaxeando a Castelao mediante unha exposición de debuxos creados polo noso alumnado a partir das estampas dos *Álbums de guerra* (*Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*), debuxadas por Castelao entre 1937 e 1938. A exposición levará por título: [Álbums de guerra, sementes de paz.](#)

Tamén ao longo desta semana, o alumnado de 2º Bacharelato realizará presentacións arredor de Castelao e da súa obra polas aulas da ESO que así o tiveran solicitado, baixo o título [Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso.](#)

Por outra banda, o alumnado encargado da radio gravará o luns 28 un programa especial arredor de *Castelao e a Paz* para [Rianxo Fala](#).

Para finalizar a semana, o xoves 31 celebraremos un acto, no que participará [Craig Patterson](#), tradutor ao inglés de [Sempre en Galiza](#).



Finalmente, o alumnado de Educación Plástica e LGSA ocupárase de pintar a paz, na parede próxima ao *Guernica* realizado por antigos alumn@s do centro en cursos pasados.

# PROGRAMA DE ACTIVIDADES

## Luns 28

**1º e 2º recreo:** Proxección no corredor

- [Biografía dun ilustre galego \(1\)](http://vimeo.com/19333127) (<http://vimeo.com/19333127>)
- Obra: [Álbum Nós](https://www.slideshare.net/Socri/album-ns) (<https://www.slideshare.net/Socri/album-ns>)
- Música: [Un afogado, por Golden Piano Trio](https://youtu.be/OrpnIDav3I) (<https://youtu.be/OrpnIDav3I>)

**Responsables:** Alumn@s de 2ºBACH-A: ALEX e ZORAN / BREIXO e LOJO

**Hora de comer:** Gravación programa de radio *Castelao e a paz*

**Responsables:** Alumn@s de 2ºESO.

**Aulas de 1º, 2º, 3º ESO, 1º Bacharelato e Ciclos:** Presentación [Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso](#)

**Responsables:** Alumn@s de 2º de Bacharelato.

## Martes 29

**1º e 2º recreo:** Proxección no corredor

- [Biografía dun ilustre galego \(2\)](http://vimeo.com/19622636) (<http://vimeo.com/19622636>)
- Obra: [Álbums de guerra. Galicia mártir](https://www.slideshare.net/Socri/galiza-mrtir) (<https://www.slideshare.net/Socri/galiza-mrtir>)
- Música: [Lela, por Dulce Pontes e Carlos Núñez](https://youtu.be/O0WXfQO0yuU) (<https://youtu.be/O0WXfQO0yuU>)

**Responsables:** Alumn@s de 2ºESO-A: CELIA e MARTA F / SABELA e DANIELA

**Aulas de 1º, 2º, 3º ESO, 1º Bacharelato e Ciclos:** Presentación [Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso](#)

**Responsables:** Alumn@s de 2º de Bacharelato.

## Mércores 30

**1º e 2º recreo:** Proxección no corredor

- [Biografía dun ilustre galego \(3\)](http://vimeo.com/20173403) (<http://vimeo.com/20173403>)
- Obra: [Álbums de guerra. Atila en Galiza](https://www.slideshare.net/Socri/atila-en-galiza-86449995) (<https://www.slideshare.net/Socri/atila-en-galiza-86449995>)
- Música: [Olla meu irmán, por Miro Casabella](https://youtu.be/QV1Ot7XLNJE) (<https://youtu.be/QV1Ot7XLNJE>)

**Responsables:** Alumn@s de 2ºBACH-A: ALEX e ZORAN / BREIXO e LOJO

**Aulas de 1º, 2º, 3º ESO, 1º Bacharelato e Ciclos:** Presentación [Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso](#)

**Responsables:** Alumn@s de 2º de Bacharelato.

## Xoves 31

**1º e 2º recreo:** Proxección no corredor

- [Castelao e os irmáns da liberdade \(Xan Leira\)](https://youtu.be/4qZS5dgyKjg) ( <https://youtu.be/4qZS5dgyKjg> )
- Obra: [Álbums de guerra. Milicianos](https://www.slideshare.net/Socri/milicianos-129389230) ( <https://www.slideshare.net/Socri/milicianos-129389230> )
- Música: [Compañeiro Daniel, por Suso Vaamonde](https://youtu.be/wc9irE4NXe8) ( <https://youtu.be/wc9irE4NXe8> )

**Responsables:** Alumn@s de 2ºESO-A: MARTA D e MAURO / SABELA e MAURA

**12:30-14:10:** Alumnado de 4ºESO e Ciclos

### Acto de homenaxe a Castelao no Salón de actos

- Presentación de **Castelao e a súa obra** por parte de **alumn@s de 2º Bacharelato**
- Presentación de *Forever in Galicia*, polo seu tradutor, **Craig Petterson**
- Lectura de fragmentos de *Sempre en Galiza*, en galego e en inglés, por alumnado de **4ºESO e 2ºBACHARELATO**
- Proxección da curta *Castelao sempre!*, creada por alumnado de **3ºESO**
- Interpretación de *Lela*, a cargo da alumna de 2º Bacharelato, **Aldara Fernández**.

**Aulas de 1º, 2º, 3º ESO, 1º Bacharelato e Ciclos:** Presentación [Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso](#)

**Responsables:** Alumn@s de 2º de Bacharelato.

## Venres 1

**1º e 2º recreos:** Proxección no corredor

- [Castelao, voz real desde unha radio española](https://youtu.be/OmYrw3I87Tg) ( <https://youtu.be/OmYrw3I87Tg> )
- [Traída dos restos de Castelao a Galiza](https://youtu.be/tnI3b2h3M7U) ( <https://youtu.be/tnI3b2h3M7U> )
- Obra: [Cousas da vida](https://youtu.be/oNYIFg5jCVI) ( <https://youtu.be/oNYIFg5jCVI> )
- Música: [Castelao. De Chumbo a verba, por María do Ceo](https://youtu.be/QwoGFLNj3Fs) ( <https://youtu.be/QwoGFLNj3Fs> )

**Responsables:** Alumn@s de 2ºESO-A: ALEX e NOA / ISABEL e FIORELLA

**Aulas de 1º, 2º, 3º ESO, 1º Bacharelato e Ciclos:** Presentación [Castelao. Aspiramos a que Galiza sexa simplemente un paraíso](#)

**Responsables:** Alumn@s de 2º de Bacharelato.

## Toda a semana

**Corredor Principal:** Exposición de debuxos e estampas *Álbums de guerra, sementes de paz*

**Responsables:** alumnado de 1º, 2º e 3º ESO